

Expediente: 558/2024

**CONTRATACIÓN OBRAS: ACTUACIONES DE EMBELECEMENTO E
REXENERACIÓN PAIXASÍSTICA NO PARQUE DE VISTALEGRE,
XUNQUEIRA DO MUIÑOS E AREAL_PASS_NETX_GENERATION**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1.- Introducción.

Memoria xustificativa da contratación da obra cofinanciada pola Axencia de Turismo de Galicia , ao abeiro da súa RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos para actuacións de embelecemento do litoral galego, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, tramitada como expediente anticipado de gasto (código de procedemento TU503G).

2. Descrición e necesidade da execución das obras.

A redacción do proxecto titulado “EMBELECEMENTO E REXENERACIÓN PAIXASÍSTICA NO PARQUE DE VISTALEGRE, XUNQUEIRA DO MUIÑOS E AREAL_” xorde como froito da necesidade de acondicionar este espazo de alto valor ambiental nas marxes do río Tins e tamén co obxectivo de recuperar á area do parque de Vistalegre, xunto o Areal e Xunqueira do Muiños, na actualidade moi degradado, garantindo unha rehabilitación ambiental axeitada.

As obras para executar enmárcanse na necesidade do Concello de Outes de proceder a levar a cabo a recuperación ambiental dos bens destinados ao uso público e tamén a promoción e información turística no ámbito local, consonte co recollido nos apartados b) e h) do apartado 2 do artigo 25 Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no marco das previsións contidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As actuacións detállanse polo miúdo no proxecto técnico que figura no expediente.

3. Obxecto do contrato.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO DE LICITACIÓN
---------------------	--------------------------------



	(ive incluído)
ACTUACIONES DE EMBELECEMENTO E REXENERACIÓN PAIXASÍSTICA NO PARQUE DE VISTALEGRE, XUNQUEIRA DO MUIÑOS E AREAL_	84.706,70 €

4. Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira

A execución das obras contempladas no antedito proxecto, e que teñen por obxecto levar a cabo actuacións de rexeneración paixasística nas zonas descritas no apartado anterior, non xerarán maíos gastos ao concello, mais ben ao contrario, xa que ditas actuacións contribuirán a un importante aforro no mantemento de ditas zonas.

De cumprirse as previsións, a realización deste investimento durante a súa execución, mantemento e liquidación non comprometerá o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nin de débeda pública do Concello, así como tampouco do período de pago a provedores.

Por outro lado, debemos realizar as seguintes observacións:

- En canto á competencia municipal para a execución das obras cuxo financiamento se solicita, é necesario indicar que a mellora medio ambiental e a promoción do turismo no ámbito local encádranse no artigo 25.2.b) e h), da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.

- O Concello de Outes está ao corrente nos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social, tal e como se desprende dos certificados emitidos ao respecto pola Axencia Estatal de Administración Tributaria AEAT.

- A previsión sobre o prazo de execución do investimento, atendendo ao proxecto técnico que o define, é de 3 meses.

Polo tanto e, en observancia de todo o anteriormente exposto, podemos concluír, en canto á proxección dos efectos orzamentarios e económicos deste proxecto, que non terán consecuencias relevantes nin orzamentarias nin económicas para os ingresos e gastos de exercicios futuros.

5. Procedemento de adxudicación e xustificación do mesmo

O procedemento de contratación que se realizará para a licitación das obras comprendidas no Plan, será o PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, na súa modalidade de PROCEDIMENTO SUMARIO OU



SUPERSIMPLIFICADO, de acordo coas previsións contidas no artigo 159.6 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público. A escolla deste procedemento xustifícase polo importe do valor estimado do contrato, xa que non supera os 80.000 euros e tamén que non se restrinxen en ningún caso a publicidade nin a libre concorrència dos licitadores. Amais, o R.D.Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, no seu artigo 51 e aplicable nesta licitación, amplía o umbral económico de aplicación do antedito procedemento supersimplificado ata os 200.000 euros no caso de obras.

Desta forma, no momento de elaborar os pregos administrativos particulares, aplicaranse os criterios de adxudicación cuantificables mediante aplicación de fórmulas ou operacións de cálculo matemático, tal como esixe o apartado c) do xa citado artigo 159.6 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

6. Execución por lotes.

Partindo de que este proxecto constitúe unha unidade técnica, para os efectos da contratación, xustifícase a non división en lotes polas seguintes razóns:

- a) A división en lotes tería un importante custo económico para o Concello e implicaría unha maior dedicación do seu persoal técnico e administrativo.
- b) Incrementaríase o número de expedientes da licitación que o Concello tería que realizar, co consecuente custo de tempo e de recursos persoais e materiais.
- c) A división en lotes supoñería un atraso na adxudicación dos investimentos e, por tanto, na súa execución.
- d) A dirección técnica das obras complicaríase debido ao incremento do número de contratistas adxudicatarios como consecuencia da división en lotes, o que ademais dificultaría a necesaria coordinación da execución dos distintos investimentos.

7. Execución.

O proxecto conta cun prazo de execución de 3 meses.

CONCLUSIÓN.

Con base no anteriormente exposto, enténdese debidamente xustificada a tramitación do correspondente expediente de



**contratación para a licitación da obra descrita no encabezamento,
na forma e coas características descritas.**

Outes, na data que figura na marxe;

O alcalde

Asd. Manuel González López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

